



Corredoiro, óleo sobre cartón. Colección do Museo Municipal de Vigo Quiñones de León (detalle)

Centro Sociocultural Fundación Novacaixagalicia
Praza da Constitución, s/n
Ferrol

Do 9 de outubro ao 12 de xaneiro de 2014
Horario. De luns a sábado de 11.00 a 14.00 e de 18.00 a 21.00 h

DIDÁCTICA

Obradoiros para escolares:

- «Entre paisaxes anda o xogo» para infantil e 1º ciclo de primaria
- «Unha paisaxe, unha identidade» para 2º e 3º ciclo de primaria
- «Imeldo Corral» para ESO, bacharelato e CF

Visitas comentadas para asociacións e grupos de adultos en horario a convir
Público xeral, os xoves ás 20.00 h. Reserva telefónica

Información e reservas no 981 330 280

IMELDO CORRAL

PAISAXISTA DAS IRMANDADES

IMELDO CORRAL

PAISAXISTA DAS IRMANDADES

A obra do ferrolán Imeldo Corral (1889–1976) vincúlase decote á creación dun paisaxismo ao que permaneceu fiel ao longo da súa vida e a unha traxectoria vital discreta. Con todo, a súa arte tamén está ligada aos fenómenos culturais e ideolóxicos do noso país, especialmente no marco temporal que contempla desde os anos anteriores á Guerra Civil ata os anos da República.

Imeldo Corral comeza a pintar en Madrid, onde vive entre os 14 e os 18 anos e onde fai do Museo do Prado a súa escola. Xa de regreso á súa cidade natal, a paisaxe galega será para sempre o tema da súa arte.

A comezos do século XX, moitos artistas galegos ven na pintura de paisaxe unha maneira de concibir a arte orientada por un proxecto de construción nacional.

Así, Ramón Otero Pedrayo entende que a paisaxe é o alicerce e o futuro do país e que para chegar á universalidade cómpre partirmos da galeguidade. Nos óleos de Imeldo Corral contemplamos, para alén dunha imaxe romántica con matices simbolistas, a ideoloxía que o escritor ourensán promove.

A plenitude da obra do artista ferrolán aparece ligada a un dos episodios máis relevantes da historia cultural; o capítulo que abrangue desde a creación das Irmandades da Fala en 1916 ata o inicio da guerra civil. A fundación das Irmandades da Fala é o feito que marca de maneira máis determinante a transición política do rexionalismo ao nacionalismo. Imeldo Corral é membro da Irmandade da Fala ferrolá e mantén amizade con moitos escritores ligados ao nacionalismo.

Valdoviño, óleo sobre lenzo. Galería Artemanz, espacio de arte (detalle)



Dentro da estratexia das Irmandades lévase adiante unha práctica cultural que inclúe, entre outras actividades, a organización de exposicións de pintores novos galegos, que foron completadas con ciclos de palestras impartidas por intelectuais do galeguismo. Esta liña principia cunha mostra de Imeldo Corral no local da Irmandade da Fala da Coruña en 1918. Nos seguintes anos, o pintor segue a colaborar activamente coas Irmandades en exposicións e mesmo en publicacións.

A pintura de Imeldo Corral, en xeral, non quere adaptarse plenamente ao vocabulario ornamental do seu tempo: modernismo, *art déco*; senón que destaca por un uso expresivo da mancha, con ese colorismo que acompaña o sentido esgrevio da paisaxe tal como é concibido polo artista. Nos seus cadros reflicte unha natureza rexa, contraposta á dura realidade que se vivía, chea de carencias, e en que se comezaba a manifestar con claridade a ruptura do mundo agrario e mariñeiro convencional.

A súa postura participa, pois, dun galeguismo que admira o modelo de vida tradicional. Fillo do seu tempo, manifesta unha intensa paixón polo mundo natural que se traduce nun país concreto, Galicia, polo que toma unha actitude reivindicativa igual de intensa.



Paisaxe con ermida, óleo sobre lenzo. Colección Fundación Novacaixagalicia